

ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Curso 2023 - 2024



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN CANTO Á IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA ESTRANXEIRA	3
3. INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS POLO CENTRO EDUCATIVO NO CURSO ANTERIOR E INFORMACIÓN DO QUE SE VAI DESENVOLVER NO CURSO SEGUINTE	3
4. DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS EN LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ	12

1. INTRODUCCIÓN

Tal e como se indica no punto 4 do artigo 14º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, elabórase esta addenda na que se fan constar os seguintes datos.

2. INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN CANTO Á IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA ESTRANXEIRA

Durante o curso escolar 2023/2024, a primeira lingua estranxeira (Inglés) estará presente como lingua vehicular no 2º curso da ESO na materia de Tecnoloxía (Sección Bilingüe).

- Profesora Tecnoloxía Bilingüe: Beatriz Otero Esteban.
- Coordinadora da Sección Bilingüe: María José Muíño Filgueira.
- Coordinadora da Auxiliar de Conversa: María José Muíño Filgueira.

3. INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS POLO CENTRO EDUCATIVO NO CURSO ANTERIOR E INFORMACIÓN DO QUE SE VAI DESENVOLVER NO CURSO SEGUINTE

3.1 INFORMACIÓN E VALORACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA ELABORADO POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (CURSO 2022-2023)

Durante o curso 2022-2023 o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (de aquí en adiante EDLG) desenvolveu un programa de actividades destinado a fomentar a presenza da lingua galega no Centro, tanto dentro coma fóra das aulas, apoiar o persoal docente e non docente con vontade de desenvolver o seu labor na nosa lingua e animar a toda a comunidade educativa a que utilice o galego, co obxectivo de ir creando e recuperando falantes paulatinamente.

En xeral, leváronse a cabo a maioría das actividades programadas ao inicio do curso. Non obstante, realizáronse algunhas modificacións sobre o proxecto inicial que responden a tres factores:

- Problemas de tempo para organizar algunhas actividades ou coincidencia coas

programadas por outros departamentos ou equipos do Centro, que obrigaron a suprimir algunha iniciativa ou a realizar modificacións no seu deseño e/ou temporalización iniciais.

- Propostas de novas actividades ou de colaboracións con outros departamentos, equipos ou institucións xurdidas no contexto axeitado, que foron valoradas polo EDLG como máis adecuadas para a consecución dos obxectivos marcados ca outras inicialmente programadas.
- Dificultades económicas.

Preséntanse a continuación, seguindo a orde temporal na que se desenvolveron, as actividades realizadas no pasado curso polo EDLG, varias delas organizadas en colaboración con outros departamentos e equipos do Centro e/ou con outras institucións da contorna (Concello de Cariño, Biblioteca Municipal e CEIP Manuel Fraga Iribarne, principalmente):

- Conmemoración do Día das Escritoras (17 de outubro), para difundir a figura de varias autoras galegas.
- *Recreos de medo na Biblioteca* arredor da festividade do Samaín, que incluíron actividades de promoción do uso oral da lingua, como contacontos e unha representación teatral (última semana de outubro).
- Asistencia do alumnado de 4º da ESO e de 1º e 2º de Bacharelato á representación da obra de teatro *N.E.V.E.R.M.O.R.E.*, da compañía Chévere, no Auditorio de Galicia (11 de novembro).
- Celebración do Magosto (14 de novembro).
- Celebración do Mes da Ciencia en galego nas Bibliotecas (novembro), que incluíu as seguintes actividades: unha exposición micolóxica na Biblioteca; a terceira edición do concurso *En busca do enigma perdido*; a participación do alumnado de 1º de Bacharelato no webinar “A pegada humana e os seus efectos sobre a xeomorfoloxía de Galicia”, impartido polo xeólogo Francisco Canosa; e a instalación dun “Recuncho de Ciencias” na entrada do Centro cunha selección de obras de temática científica en lingua galega.
- Concurso de logotipos para escoller a imaxe identificadora do EDLG (decembro).
- Creación e difusión a través das redes sociais de vídeos con recomendacións lectoras para o Nadal (decembro).
- Encontro do alumnado de 4º ESO e de 1º e 2º de Bacharelato con tres antigas alumnas do Centro que cursaron estudos científicos para conversar sobre a súa

- experiencia nos eidos académico e laboral con motivo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro).
- Semana do Meco (Entroido).
 - Celebración do Día de Rosalía (23 de febreiro) coa preparación dun Caldo de Gloria e un recitado de textos da autora na entrada do instituto.
 - Asistencia do alumnado de 4º da ESO e de 1º e 2º de Bacharelato á representación da obra teatral *Alma de Tigre*, da compañía Elefante Elegante, no Auditorio Municipal de Cariño (2 de marzo).
 - *O xornal na aula*, actividade desenvolvida durante a Semana da Prensa destinada a dar a coñecer os principais medios de prensa en galego ao alumnado (6-10 de marzo).
 - Desenvolvemento dos *Recreos de Micro Aberto*, un espazo de convivencia aberto a toda a comunidade educativa e á veciñanza no que distintas persoas (alumnado, profesorado, familias, veciñanza...) acoden á Biblioteca durante un recreo (previamente acordado e anunciado) para compartir unha experiencia, unha historia, unha aprendizaxe ou un talento cos demais (marzo-xuño).
 - III Certame intercentros de microrrelato e fotografía *Exeria*, convocado conxuntamente polos EDLG do IES Cabo Ortegal, do IES Pedro Florianí e do IES Mendiño, coa colaboración do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela e da Biblioteca Escolar do IES Cabo Ortegal. Incluíu unha xornada de convivencia na Illa de San Simón entre o alumnado finalista e o alumnado voluntario dos EDLG dos centros participantes (3º trimestre).
 - Saída cultural a Compostela do alumnado de 3º ESO e 3º PDC para participar nunha xincana fotográfica pola cidade vella e visitar o Museo do Pobo Galego (12 de abril).
 - Sesión de contacontos musicais para o alumnado de Infantil e de 1º, 2º e 4º de Primaria do Colexio de Cariño a cargo dun grupo de alumnas de 2º ESO (28 de abril).
 - Gravación de *podcasts* en galego por parte do alumnado de 3º ESO (3º trimestre).
 - Celebración do Mes das Letras Galegas (maio), que incluíu as seguintes actividades: divulgación da figura de Francisco Fernández del Riego mediante a instalación dunha exposición sobre o autor na planta baixa do Centro e a elaboración e entrega de marcapáxinas conmemorativos a todo o alumnado e profesorado; celebración da *Foliada das Letras* (16 de maio); encontro do alumnado de 3º ESO coa escritora Eva Mejuto arredor da novela *A ladroa da*

- Biblioteca de Meirás* (24 de maio); e asistencia do alumnado de ESO e Bacharelato ao espectáculo de maxia *A igualdade non ten truco*, da compañía Magia en la Manga, no Auditorio Municipal de Cariño (29 de maio).
- V Concurso de fotografía matemática (maio).
 - I Certame de Microrrelatos Científicos (maio).
 - Publicación da revista escolar *Sabichómetro* e reparto de exemplares por distintos puntos da vila.
 - Difusión das actividades do EDLG e doutra información de interese sobre a lingua galega a través dos taboleiros do Centro e das redes sociais.
 - Asesoramento lingüístico aos membros da comunidade educativa para levar a cabo a súa actividade en galego.
 - Colaboración coa Biblioteca Escolar en relación á adquisición de materiais en galego para renovar e ampliar os seus fondos.
 - Colaboración co Club de Lectura do Centro.
 - Colaboración con outros departamentos didácticos e equipos do Centro (Biblioteca, Club de Ciencias, Equipo Erasmus+...) na organización e desenvolvemento de actividades.
 - Colaboración co Concello de Cariño.
 - Colaboración cos EDLG doutros centros de ensino (IES Pedro Floriani e IES Mendiño) a través de xuntanzas telemáticas e intercambio de mensaxes en liña.

Á vista do anterior, e tendo en conta que os obxectivos dun programa de fomento do uso da lingua galega son metas que non se poden acadar a curto prazo, senón que cómpre facer pequenos avances neles ano a ano para conseguir melloras nas actitudes cara ao idioma autóctono da nosa comunidade educativa, case exclusivamente castelanfalante, en liñas xerais, pódese valorar o traballo desenvolvido polo EDLG como satisfactorio.

En canto ás actividades propostas, desenvolveuse un programa amplo e variado, con iniciativas dirixidas a toda a comunidade educativa, e a participación do alumnado e do profesorado na maioría delas foi boa. Desenvolvéronse actividades que lle ofreceron ao alumnado oportunidades reais de usar a lingua (como a xincana por Compostela, os *Recreos de Micro Aberto* ou o encontro con Eva Mejuto). Ademais, o EDLG mantivo a colaboración co Concello de Cariño, posibilitando que o alumnado asistise a varias actividades culturais na nosa lingua (representacións teatrais, espectáculos etc.). E mantivo tamén o contacto cos

EDLG doutros centros de ensino galegos, permitindo o desenvolvemento da terceira edición do certame intercentros *Exeria*.

Valórase de xeito especialmente positivo a recuperación este curso da colaboración co CEIP Manuel Fraga Iribarne para o desenvolvemento de actividades conxuntas entre os dous centros educativos, que se viran suspendidas nos últimos anos debido ás restricións derivadas da pandemia da COVID. E tamén foron satisfactorias as relacións que se iniciaron con algunhas familias que participaron nos *Recreos de Micro Aberto*, se ben é certo que sería recomendable que estas relacións se intensificasen e se estendesen a un maior número de familias e da veciñanza nos vindeiros cursos.

En canto á situación da lingua no Centro, conséntase que no pasado curso o galego mantívose como idioma vehicular maioritario no funcionamento do instituto (claustros, grupos de traballo, páxina web e redes sociais etc.). Nesta liña, o EDLG colaborou cos departamentos e equipos máis dinámicos e velou por que o galego fose a lingua usada para dinamizar a maioría das actividades escolares e extraescolares. Así mesmo, o Equipo prestoulle asesoramento lingüístico aos membros da comunidade que o demandaron.

A pesar de que o contexto do Centro continúa sendo maioritariamente castelanfalante, destacan positivamente os resultados obtidos nalgunhas actividades (como os *Recreos de Micro Aberto*, a sesión de contacontos no Colexio ou a xuntanza de confraternidade do alumnado finalista do certame *Exeria*), nos que o uso do galego se produciu dun xeito bastante natural. Nesta liña constatouse que algúns membros do alumnado comezaron a empregar timidamente o galego nalgunhas intervencións espontáneas fóra das clases de lingua e mesmo a sentir certo orgullo por posuír unha lingua propia. Con todo, trátase, en xeral, de casos illados en situacións esporádicas, pois é moi difícil eliminar os hábitos diglósicos nun contexto no que os prexuízos cara ao galego están tan arraigados.

En canto aos aspectos a mellorar, salienta a necesidade de seguir traballando para aumentar a colaboración coas familias, coas institucións da contorna e coa veciñanza para conseguir unha maior sensibilización co noso proxecto e lograr que a promoción da lingua non se limite ao contexto do Centro. Sería tamén beneficioso conseguir que todo o profesorado se concienciase da importancia de protexer a lingua e se implicase nas actividades propostas. O reto é conseguir que o uso do galego vaia máis alá do uso “público” e formal e se converta nun uso normal e cotiá.

En resumo, no curso 2022-2023 o EDLG traballou iniciativas e liñas que deben ser continuadas nos próximos cursos para conseguir, no futuro, eliminar os prexuízos cara á

lingua galega e os hábitos diglósicos que se detectan diariamente na comunidade educativa e potenciar a recuperación e a creación de falantes.

3.2 ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA O CURSO 2023-2024

Preséntase a continuación a programación de actividades para o fomento da lingua galega prevista polo EDLG para o curso 2023-2024. Algunhas delas son unha continuación das realizadas en anos anteriores, dado que os resultados obtidos foron positivos, e outras son novas. Trátase, en todo caso, dun programa susceptible de ser modificado ao longo do ano escolar e que se irá perfilando en función das circunstancias e das propostas que poidan xurdir, buscando sempre obter o maior aproveitamento posible.

PRIMEIRO TRIMESTRE		
ACTIVIDADE	PERSOAS DESTINATARIAS	ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN
Conmemoración do Día das Escritoras	Todo o alumnado de ESO e Bacharelato	EDLG e Biblioteca
A festa do Samaín: recreos de medo	Toda a comunidade educativa	EDLG e Biblioteca, coa colaboración doutros dptos. didácticos
Magosto	Todo o alumnado, profesorado e PAS	EDLG, Dpto. de E. F. e Concello de Cariño
Mes da Ciencia en galego nas Bibliotecas: IV Concurso <i>En busca do enigma perdido</i> e outras actividades	Todo o alumnado	Club de Ciencias, EDLG e Biblioteca, coa colaboración doutros dptos. didácticos
Elaboración dun boletín ou de vídeos con recomendacións literarias e audiovisuais en galego para o Nadal	Toda a comunidade educativa	EDLG, Biblioteca e Dpto. de L. Galega e Lit.
Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> (1º trimestre)	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca e EDLG, coa colaboración do alumnado e doutros dptos. didácticos

SEGUNDO TRIMESTRE		
ACTIVIDADE	PERSOAS DESTINATARIAS	ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN
Semana do Meco (Entroido)	Toda a comunidade educativa	EDLG
Semana da Muller e a Nena na Ciencia: <i>11F. Ciencia en feminino</i>	Todo o alumnado	Club de Ciencias, EDLG e Biblioteca
Semana do Amor pola Lingua: cita a cegas cun libro	Toda a comunidade educativa	EDLG e Biblioteca
Día de Rosalía	Toda a comunidade educativa	EDLG, Dpto. de L. Galega e Lit. e Biblioteca, coa colaboración doutros dptos. didácticos
Semana da Prensa: <i>O xornal na aula</i>	Alumnado de 1º e 2º ESO	EDLG, Dpto. de L. Galega e Lit. e Biblioteca
Día da Poesía	Toda a comunidade educativa	Biblioteca, EDLG e dptos. de linguas
Actividade no Colexio (contacontos ou dramatización)	Alumnado por determinar	EDLG, Biblioteca e Dpto. de L. Galega
IV Certame intercentros <i>Exeria</i>	Todo o alumnado dos centros convocantes	EDLG de varios centros e Biblioteca
Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> (2º trimestre)	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca e EDLG, coa colaboración do alumnado e doutros dptos. didácticos

TERCEIRO TRIMESTRE		
ACTIVIDADE	PERSOAS DESTINATARIAS	ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN
Difunde a túa lingua: <i>Galego, célula de universalidade</i>	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	EDLG e Dpto. de L. Galega e Lit.
Participación nas actividades do Correlingua 2024	Alumnado de 1º e 2º ESO	EDLG e Dpto. de L. Galega e Lit.

Gravación do disco do EDLG	Toda a comunidade educativa	EDLG, Dpto. de L. Galega e Lit. e outros departamentos didácticos
Saída cultural: visita á Casa de Rosalía	Alumnado de 3º ESO	EDLG e Dpto. de L. Galega e Lit.
<i>A autora fala da súa obra</i> (encontro cunha escritora)	Alumnado por determinar	EDLG, Dpto. de L. Galega e Lit. e Biblioteca
Mes das Letras Galegas: difusión da figura da autora homenaxeada, Foliada das Letras e outras actividades	Toda a comunidade educativa	EDLG, Dpto. de L. Galega e Lit. e Biblioteca, coa colaboración doutros dptos. didácticos
VI Concurso de fotografía matemática	Todo o alumnado	Dpto. de Matemáticas, Club de Ciencias, Biblioteca e EDLG
II Certame de Microrrelatos Científicos	Alumnado de ESO e Bacharelato	Club de Ciencias, Biblioteca e EDLG
Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> (3º trimestre)	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca e EDLG, coa colaboración do alumnado e doutros dptos. didácticos
Elaboración dun boletín ou de vídeos con recomendacións literarias e audiovisuais en galego para o verán	Toda a comunidade educativa	EDLG, Biblioteca e Dpto. de L. Galega e Lit.

Alén das actividades previstas para cada trimestre, o EDLG levará a cabo ao longo de **todo o curso** as seguintes:

- Difusión das actividades realizadas e de información de interese en relación á promoción da lingua galega (convocatoria de concursos e proxectos; novidades editoriais, cinematográficas e musicais en galego; actividades culturais...), a través dos taboleiros físicos dispoñibles no Centro e das redes sociais.
- Creación e difusión de contidos en galego.
- Asesoramento lingüístico aos membros da comunidade educativa para levar a cabo a súa actividade en galego.
- Colaboración coa Biblioteca Escolar no desenvolvemento dos Recreos de Micro Aberto.
- Adquisición de materiais en galego para aumentar os fondos da Biblioteca Escolar.

- Colaboración co Club de lectura do Centro.
- Colaboración nas actividades organizadas por outros departamentos didácticos e equipos do Centro.
- Colaboración co Concello de Cariño, coa Biblioteca Municipal, co CEIP Manuel Fraga Iribarne e con outras institucións a prol do fomento do galego.
- Coordinación coas persoas responsables dos EDLG doutros centros de ensino co fin de compartir experiencias e optimizar esforzos no deseño e realización de actividades dinamizadoras.
- Conmemoración de efemérides.

4. DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS EN LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ

4.1 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Segundo o artigo 7º do Decreto 79/2010, as ensinanzas de linguas impartiranse no idioma propio. Impartiranse en galego Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química. Para o resto de materias a distribución é a seguinte:

CURSO	GALEGO		CASTELÁN	
1º ESO	Educación Física	4 h.	Educación Plástica e Visual	3 h.
	Proxecto Competencial		Relixión	
	Titoría			
2º ESO	Educación Física	4 h.	Música	3 h.
	Proxecto Competencial		Relixión	
	Titoría			
3º ESO	Educación Física	5 h.	Educación Plástica e Visual	5 h.
	Educación en valores cívicos e éticos		Relixión	
	Titoría		Música	
	Proxecto competencial			
4º ESO 4º ESO PDC (*)	Educación Física	15 h.	Música	14 h.
	Formación e Orientación Persoal e Profesional		Economía e Emprendemento	
	Cultura financeira		Educación dixital	
	Dixitalización		Intelixencia Artificial	
	Filosofía		Relixión	
	Proxecto competencial		Titoría	

(*) No PDC de 4º ESO o Ámbito lingüístico-social impartirase en galego e o científico-matemático en castelán.

4.2 BACHARELATO

Segundo o artigo 8º do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario galego, teremos en conta que cada centro educativo establecerá unha oferta o máis equilibrada posible na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán.

CURSO	GALEGO		CASTELÁN	
1º BAC (Ciencias)	Matemáticas I	15 h.	Física e Química	13 h.
	Educación Física		Filosofía	
	Bioloxía e Ciencias Ambientais		Tecnoloxías Intelixentes	
	Anatomía aplicada		Relixión Disposición de centro (reforzo de inglés)	
1º BAC (Humanidades e CCSS)	Matemáticas Aplicadas CCSS I	15 h.	Literatura Universal	17 h.
	Educación Física		Economía	
	Historia do Mundo Contemporáneo		Filosofía	
	Anatomía aplicada		Tecnoloxías Intelixentes	
			Relixión Disposición de centro (reforzo de inglés)	
2º BAC (Ciencias)	Matemáticas II	12 h.	Historia da Filosofía	12 h.
			Historia de España	
	Bioloxía		Química	
	Métodos Estatísticos e Numéricos		Relixión Disposición de centro (reforzo de inglés)	

2º BAC (Humanidades e CCSS)	Matemáticas Aplicadas CCSS II	12 h.	Historia da Filosofía	12 h.
	Historia da Arte		Historia de España	
	Métodos Estatísticos e Numéricos		Empresa e deseño de modelos de negocio	
			Relixión	
			Libre configuración (afondamento e/ou reforzo de Inglés)	

4.3 CICLO

CURSO	GALEGO	CASTELÁN
Ciclo Modular Sistemas Microinformáticos e redes	Aplicacións Ofimáticas	Sistemas operativos monoposto
		Sistemas operativos en rede